

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL NO DÍA INTERNACIONAL PARA A ERRADICACIÓN DA POBREZA

Neste día, o 17 de outubro, foi declarado, a partires da Resolución 47/196 das Nacións Unidas, como o **DÍA INTERNACIONAL PARA A ERRADICACIÓN DA POBREZA**, co propósito de promover maior conciencia sobre as necesidades para erradicar a pobreza e a indixencia en todos os países, en particular nos países en vías de desenvolvemento, necesidade que se convertiu nunha das prioridades do Cumio do Milenio.

Así, no devandito cumio, os Xefes de Estado e do Goberno comprometéronse a reducir á metade ata o ano 2015 a porcentaxe das persoas que seguen a vivir na indixencia. O tema deste ano **XUNTOS CONTRA A POBREZA** pon de relevo a necesidade dunha alianza verdadeiramente mundial na loita contra a pobreza, na que participen de forma activa tanto os países desenvolvidos como os de vías de desenvolvemento.

O certo é que a día de hoxe a realidade trágica segue asomando cifras perversas dun mundo desigual: 1.200 millóns de persoas viven con menos dun dólar ao día, 800 millóns de persoas se deitan con fame cada día, 28.000 nenos e nenas morren cada día por causas derivadas da pobreza, un de cada 10 menores perden a súa vida en países pobres antes de cumprir os cinco anos.

Este ano as Nacións Unidas acolle a campaña iniciada por Global á acción contra a pobreza denominada **ÉRGUETE CONTRA A POBREZA**, tentando mobilizar a persoas de todo o mundo para reaccionar contra esta situación. Este Parlamento non debe ficar alleo ás necesidades dos máis vulnerables, nin permanecer impasible ante a inxustiza e a desigualdade social e súmase a esta acción reivindicativa e proclama a necesidade de impulsar decididamente en Galicia os mecanismos de cooperación ao desenvolvemento e á solidariedade internacional para que o primeiro obxectivo do Cumio do Milenio sexa unha realidade.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 06.